

GUÍA DOCENTE

SEGUNDA / TERCEIRA LINGUA: GALEGO

CURSO ACADÉMICO 2008-2009

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

ÁREA DE FILOLOXÍA GALEGA E PORTUGUESA

FACULTADE DE FILOLOXÍA

Profesora Carme García Rodríguez

1. Datos descriptivos da materia

1.1. Descrición da materia

A **SEGUNDA- TERCEIRA LINGUA: GALEGO**, código 661225, ten, como segunda lingua, carácter troncal obrigatorio de 1º ciclo no 2º curso das titulacións de Filoloxía Alemá, Francesa, Hispánica, Inglesa e Italiana; e, como terceira lingua, ten carácter optativo non específico para os alumnos de 1º e 2º ciclos nas mesmas titulacións e tamén na de Filoloxía Clásica.

No plan de estudos esta materia posúe unha carga docente de 6 créditos (3 créditos teóricos e 3 créditos prácticos), equivalentes a 6 créditos ECTS (150 horas de traballo persoal para o alumno).

A docencia desenvólvese durante o primeiro cuadrimestre.

1.2. Lingua na que será impartida

A lingua utilizada nas aulas é galego.

1.3. Requisitos

Aínda que non existen requisitos esenciais para a realización desta materia, é aconsellábel que os alumnos teñan un coñecemento aceptábel do galego estándar.

1.4. Profesora

Carme García Rodríguez. Despacho 108 da Facultade de Filoloxía, Departamento de Filoloxía Galega. Teléfono 981563100, ext. 11788. E-mail carme.garcia@usc.es

1.5. Horario de titorías

Presenciais: luns e martes de 17 a 20 horas, no despacho da profesora.
Virtuais: carme.garcia@usc.es sen horario predeterminado

2. Sentido da materia no plan de estudos

2.1. Bloque formativo no que se encadra a materia

A **Segunda / Terceira Lingua: Galego** insírese dentro do bloque das materias de Filoloxía Galega relacionadas coa aprendizaxe da lingua galega, máis concretamente coas disciplinas destinadas a proporcionar coñecementos da historia externa da lingua, de sociolingüística e de dialectoloxía.

2.2. Papel da materia no plan de estudos

Esta disciplina, **Segunda / Terceira lingua: Galego** pertence, xuntamente coas materias **Literatura da Segunda / Terceira Lingua I: Galega**, **Literatura da Segunda / Terceira Lingua II: Galega** e **Ampliación da Segunda / Terceira Lingua: Galego**, ao bloque denominado Complementos de Formación para alumnos de 1º ciclo doutras Filoloxías. Tes que saber que a escolla da **Segunda / Terceira Lingua: Galego**, entre todas as Segunda Linguas, sexa como obrigatoria ou como optativa de 1º e 2º ciclo, leva consigo a obrigatoriedade de cursar **Literatura da Segunda / Terceira Lingua I: Galega**. Así mesmo é tamén preceptiva para poderes elixir a optativa **Ampliación da Segunda / Terceira Lingua: Galego**.

Tamén tes que saber que cursar a **Segunda / Terceira Lingua: Galego**, **Literatura da Segunda / Terceira Lingua I: Galega**, **Literatura da Segunda / Terceira Lingua II: Galega** e **Ampliación da Segunda / Terceira Lingua: Galego** permite que poidas acceder, unha vez rematado o 1º ciclo de calquera Filoloxía, ao 2º ciclo da titulación de Filoloxía Galega. Neste caso, a **Segunda / Terceira Lingua: Galego** pretende servir de materia de enlace e facilitarache os coñecementos básicos relacionados coas materias **Historia Externa da Lingua Galega**, **Dialectoloxía Galega** e **Introdución á Sociolingüística**, ademais de proporcionarche un apoio fundamental para as materias de Literatura, xa sexa atendendo á súa historia social, xa sexa favorecendo a lectura e comprensión de textos medievais e actuais.

2.3. Interese deste curso para a túa formación

A realización da materia **Segunda / Terceira lingua: Galego**, ademais do seu interese formativo, vaite axudar a comprender mellor a situación social e lingüística da Galicia, ao tempo que che permitirá reforzar e fixar algunhas ferramentas filolóxicas (comentarios de texto, lecturas críticas, traballo de campo...) que che serán de utilidade ao longo da carreira.

Por outra parte, tes que ter presente que cursar a **Segunda / Terceira Lingua: Galego**, a **Literatura da Segunda / Terceira Lingua I: Galega**, **Literatura da Segunda / Terceira Lingua II: Galega** e **Ampliación da Segunda / Terceira Lingua: Galego** ponte en disposición de acceder ao 2º ciclo da titulación de Filoloxía Galega cando tes superado o 1º ciclo de calquera outra titulación de Filoloxía.

3. Obxectivos

Ofrecerlle ao alumno unha visión panorámica da lingua galega, desde as súas orixes ata hoxe.

Proporcionarlle os coñecementos históricos básicos que lle permitan entender e explicar a situación actual da lingua.

Proporcionarlle os coñecementos básicos sobre o proceso de formación da lingua.

Familiarizar o alumno coa variación lingüística, principalmente coas variantes diatópicas.

Comprender a importancia de factores contextuais e sociais no uso da lingua.

Facelo reflexionar sobre os aspectos sociais e políticos da construción dos estándares lingüísticos e comprender o proceso de elaboración da variedade estándar do galego.

Habituara o alumno a manexar os recursos bibliográficos.

Capacitar o alumno para poder acceder, cos coñecementos correspondentes a esta materia, á titulación de Filoloxía Galega.

4. Competencias

Para o desenvolvemento da materia **Segunda / Terceira Lingua: Galego** potenciamos as ferramentas de aprendizaxe e formación do alumno a *comunicación verbal* e a *comunicación escrita* (**competencias xenéricas instrumentais**), pois o alumno que curse esta materia, ademais de presentar os exercicios e traballos por escrito, terá que participar activamente nas clases prácticas e facer a exposición oral dos traballos encomendados de forma correcta, en galego estándar e estilo formal. Así mesmo, o alumno debe ser capaz de reflexionar sobre os coñecementos adquiridos e expresalos correctamente para poder debater cos compañeiros, co que se favorece a *estimulación intelectual* (**competencia xeral sistémica**), a *comunicación interpersoal* e a *automotivación* (**competencias xerais interpersoais**), á vez que se practica a súa capacidade de síntese.

5. Contidos da materia

5.1. Descritor

Formación básica na descrición e evolución dunha segunda/ terceira lingua elixida polo alumno entre as establecidas pola universidade no plan de estudos

5.2. Temario

Bloque I

A lingua galega na historia

Tema 1. A situación lingüística anterior á romanización. A latinización da Gallaecia.

Tema 2. O extenso período medieval

Tema 3. A decadencia dos séculos escuros. A Ilustración

Tema 4. O Rexurdimento do século XIX

Tema 5. O século XX

Bloque temático II

A lingua galega na actualidade

Tema 1. Unidade e variedade da lingua

Tema 2. Aproximación á variedade dialectal

Tema 3. Aspectos sociolingüísticos

Tema 4. A estandarización e o problema ortográfico

Tema 5. Características principais da estrutura gramatical

5.3. Bibliografía xeral e complementaria

Álvarez de la Granja, M./ E. González Seoane (eds) (2003): *A estandarización do léxico*. Santiago: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega.

Álvarez, R. (1994): “Gramática descritiva e gramática prescritiva”, en *Cadernos de Lingua* 10, pp. 19-36.

Álvarez, R. / H. Monteagudo/ X.L. Regueira (1986): *Gramática Galega*. Vigo: Galaxia.

Álvarez, R. / X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): *A nosa lingoaxe galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago: Consello da Cultura Galega/Instituto da Lingua Galega.

Coseriu, E. (1986): *Introducción a la lingüística*. Madrid: Gredos

Fernández González, C. (dir.) (1997): *Diccionario esencial Vox galego-castelán castelán-galego*. Barcelona: Bibliograf.

Fernández Pérez, M. (1999): *Introducción a la lingüística*. Barcelona: Ariel.

Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Santiago de Compostela: Xerais.

Fernández Rei, F./ C. Hermida Gulías (2003,2ª ed.): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Fernández Salgado, B./ H. Monteagudo (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en Monteagudo, H. (ed) (1995): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia.

Fernández Salgado, B.(dir.) (2004): *Diccionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega*. Vigo:Galaxia.

Freixeiro Mato, J.R. (1998-2000): *Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía; Gramática da lingua galega III. Semántica; Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.

García, C ./ A. Santamarina (dirs.) (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Volume I: Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza/ Instituto da Lingua Galega.

García, C. / A. Santamarina (dirs.) (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II: Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza/ Instituto da Lingua Galega.

García, C. / A. Santamarina (dirs.) (1999): *Atlas Lingüístico Galego. Volume III: Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza/ Instituto da Lingua Galega.

García, C. / A. Santamarina (dirs.) (2003): *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza/ Instituto da Lingua Galega.

García, C. / A. Santamarina (dirs.) (2005): *Atlas Lingüístico Galego. Volume V: Léxico. O ser humano (I)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza/ Instituto da Lingua Galega.

Hermida, C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Hermida Gulías, Carme (2004): *Gramática práctica (morfosintaxe)*. Santiago: Sotelo Blanco.

M[ariño] P[az], R. / X. V[arela] B[arreiro] (2000): “Historia da lingua galega” en *Apéndice da Gran Enciclopedia Galega*, tomo XXXIV, pp. 213-238.

Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Branco.

M[onteagudo], H. (2000): “ Sociolingüística” en *Apéndice da Gran Enciclopedia Galega*, tomo XXXVI, pp. 61-73.

Monteagudo, H. (ed.) (1995): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia.

Monteagudo, H. / X. Bouza (coords.) (2003): *O proceso de normalización do idioma galego. Vol. III. Elaboración e difusión da lingua*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Pena, X.A. *Et alii.* (2004): *Gran diccionario Cumio da lingua galega*. Vigo: Edicións do Cumio

Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: Xerais / Galaxia / ILG- RAG.

Regueira, X.L. (coord..) (1998): *Os sons da lingua*. Vigo: Xerais/ Galaxia.

RAG (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. Vigo: Xerais / Galaxia.

Villares, Ramón (2004): *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Xove Ferreiro, X. (coord. 2005): *Novo diccionario da lingua galega*. Vigo: Obradoiro.

5.4. Epígrafes

Bloque I

Introdución

Esta parte está dedicada ao estudo das orixes do idioma, prestando atención aos seus constituíntes, ao latín importado, as linguas de superestrato e aos movementos sociais, políticos e culturais que caracterizaron a historia da lingua desde a súa formación ata a actualidade.

Tema 1. A situación lingüística anterior á romanización. A latinización da Gallaecia

1.1. Situación lingüística da Galicia prerromana: os substratos

- 1.1.1. Os compoñentes preindoeuropeos
- 1.1.2. Os compoñentes indoeuropeos
- 1.1.3. Herdanza das linguas prerromanas.

1.2. A colonización romana e a latinización da Gallaecia

- 1.2.1. Conquista
- 1.2.2. Romanización
- 1.2.3. Latinización

Actividades a realizar

Neste tema, ademais dos exercicios prácticos de análise de texto e comentarios lingüísticos, terás que presentar por escrito, o día 14, un esquema resumo das páxinas da *Historia de Galicia*, de Ramón Villares, correspondentes ao período estudado.

Bibliografía

Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Branco.

M[ariño] P[az], R. / X. V[arela] B[arreiro] (2000): “Historia da lingua galega” en *Apéndice da Gran Enciclopedia Galega*, tomo XXXIV, pp. 213-238.

Villares, Ramón (2004): *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Tema 2. O extenso período medieval (séculos V – XV)

- 2.1. Marco histórico
- 2.2. O latín vulgar: unidade e diversidade
- 2.3. O superestrato xermánico
 - 2.3.1. As invasións xermanas
 - 2.3.2. A herdanza dos pobos xermanos
- 2.4. O superestrato árabe
 - 2.4.1. A invasión árabe
 - 2.4.2. Termos de orixe árabe
- 2.5. A elaboración dos primeiros textos en romance galego
- 2.6. Galego e portugués: consecuencias lingüísticas da fragmentación
- 2.7. A época de esplendor
 - 2.7.1. Os textos conservados
 - 2.7.2. Características lingüísticas
- 2.8. O inicio da penetración do castelán en Galicia

Actividades a realizar

Comentario lingüístico de textos medievais pertencentes a unha pequena antoloxía que che entregará a profesora o primeiro día de clase. A través deses textos trataremos de coñecer o sistema fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e léxico característico desta etapa da lingua, e faremos a comparación co galego actual.

O día 28, debes presentar un comentario preparado no tempo non presencial dirixido que será corrixido na aula.

Tamén debes ler as páxinas correspondentes a este período da citada *Historia de Galiza* e ir preparando o esquema que terás que entregar o 3 de novembro.

Bibliografía

Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Branco.

M[ariño] P[az], R. / X. V[arela] B[arreiro] (2000): “Historia da lingua galega” en *Apéndice da Gran Enciclopedia Galega*, tomo XXXIV, pp. 213-238.

Villares, Ramón (2004): *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Tema 3. A decadencia dos séculos escuros. A Ilustración (séculos XVI – XVIII)

- 3.1. Marco histórico
- 3.2. A penetración do castelán en Galicia e a dialectalización da lingua galega
- 3.3. O cultivo escrito da lingua galega
- 3.4. As características lingüísticas
- 3.5. Estudos e defensa da lingua galega
 - 3.5.1. Frei Martín Sarmiento
 - 3.5.2. O Padre Sobreira
 - 3.5.3. José Cornide Saavedra

Actividades a realizar

Comentario de textos nas clases prácticas.

Bibliografía

Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Branco.

M[ariño] P[az], R. / X. V[arela] B[arreiro] (2000): “Historia da lingua galega” en *Apéndice da Gran Enciclopedia Galega*, tomo XXXIV, pp. 213-238.

Villares, Ramón (2004): *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Tema 4. O Rexurdimento do século XIX

- 4.1. Marco histórico
- 4.2. A presión do castelán e o retroceso do monolingüismo en galego
- 4.3. A defensa do idioma galego
- 4.4. O cultivo do galego
- 4.5. As características lingüísticas
- 4.6. Os estudos de galego
 - 4.6.1. As gramáticas
 - 4.6.2. Os dicionarios
 - 4.6.3. As propostas ortográficas

Actividades a realizar

Ademais dos comentarios de texto da época do período que nos ocupa, que faremos nas clases prácticas, terás que ler un capítulo, fixado no seu momento, do libro *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, de Carne Hermida. A túa opinión crítica do correspondente capítulo debes entregala, por escrito, o día 11 de novembro.

Tamén teremos unha sesión práctica na que veremos e manexaremos as primeiras gramáticas e dicionarios galegos.

O día 18, faremos un comentario de texto en grupo.

Bibliografía

Hermida, C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento(1840-1891)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Branco.

M[ariño] P[az], R./ X. V[arela] B[arreiro] (2000): “Historia da lingua galega” en *Apéndice da Gran Enciclopedia Galega*, tomo XXXIV, pp. 213-238.

Villares, Ramón (2004): *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Tema 5. O século XX (e XXI)

- 5.1. Marco histórico
- 5.2. A transformación socioeconómica, cultural e política
- 5.3. A reivindicación do idioma
 - 5.3.1. Antes da guerra civil
 - 5.3.2. Desde a guerra civil á democracia
 - 5.3.3. Na actualidade
- 5.4. As características lingüísticas
- 5.5. Os estudos de galego
 - 5.5.1. Antes de 1965
 - 5.5.2. A partir de 1965

Actividades a realizar

Comentario de textos

Tamén nunha sesión práctica analizaremos as propostas ortográficas anteriores á guerra civil.

Bibliografía

Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Branco.

M[ariño] P[az], R. / X. V[arela] B[arreiro] (2000): “Historia da lingua galega” en *Apéndice da Gran Enciclopedia Galega*, tomo XXXIV, pp. 213-238.

Villares, Ramón (2004): *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Bloque II

Introdución

Nesta parte, a lingua galega na actualidade, facemos unha breve introdución á variación lingüística, prestando especial atención á variación diatópica. Tratamos o bilingüismo, fenómeno social e lingüístico que se manifesta na diglosia, e tamén nos ocupamos dos fenómenos característicos do contacto de linguas, como as interferencias lingüísticas, os préstamos léxicos, os calcos, o cambio de código. No último tema tratamos aspectos gramaticais da lingua galega, acordados cos alumnos, que poidan presentar especial dificultade para eles.

Tema 1. Unidade e variedade da lingua

- 1.1 A lingua como sistema de variedades.
 - 1.1.1 A variación no tempo
 - 1.1.2 A variación xeográfica
 - 1.1.3 A variación social
 - 1.1.4 A variación contextual
 - 1.1.5 A variación individual

Actividades a realizar

Debes ler un artigo sobre este tema, que se fixará no seu momento, para podermos debater e comentar na clase.

Bibliografía

Kabatek, Johannes (1994): "Variedades lingüísticas e competencia comunicativa", *Cadernos de lingua* 10, pp. 7-18.

Álvarez, Rosario / Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: unha perspectiva desde o idioma galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.

Tema 2. Aproximación á variedade dialectal

- 2.1. Historia da dialectoloxía galega
- 2.2. Principais trazos fonético-fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos que presentan distribución dialectal
- 2.3. As variedades do galego

Actividades a realizar

Comentario de textos dialectais

Teremos unha sesión, na sala 103, para que poidas coñecer e manexar o *Atlas Lingüístico Galego*.

Bibliografía

Fernández Rei, F. (1991): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.

Fernández Rei, F./C. Hermida Gulías (2003, 2ª ed.): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

García, C. / A. Santamarina (dirs.) (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Volume I: Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.

García, C. / A. Santamarina (dirs.) (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II: Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.

García, C. / A. Santamarina (dirs.) (1999): *Atlas Lingüístico Galego. Volume III: Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.

García, C. / A. Santamarina (dirs.) (2003): *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.

García, C. / A. Santamarina (dirs.) (2005): *Atlas Lingüístico Galego. Volume V: Léxico. O ser humano (I)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.

Tema 3. Aspectos sociolingüísticos

- 3.1. A sociolingüística. A situación galega
- 3.2. Os conceptos bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico, asimilación lingüística
- 3.3. Interferencias. Préstamos e calcos. O cambio de código
- 3.4. Política lingüística e planificación lingüística

Actividades a realizar

O día 12 de decembro debateremos na clase un artigo sobre o tema que tes que ler e presentar, por escrito, resumido.

Comentario e interpretación dos datos proporcionados nalgúns gráficos.

Bibliografía

M[onteagudo], H. (2000): “ Sociolingüística” en *Apéndice da Gran Enciclopedia Galega*, tomo XXXVI, pp. 61-73.

Monteagudo, H. (ed.) (1995): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia.

Monteagudo, H.- X. Bouza (coords.) (2003): *O proceso de normalización do idioma galego. Vol.III. Elaboración e difusión da lingua*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Tema 4. A estandarización e o problema ortográfico

- 4.1 Os intentos de elaboración dun estándar galego
 - 4.1.1. Antes da guerra civil
 - 4.1.2. Desde a guerra civil á democracia
 - 4.1.3. Na actualidade
- 4.2 A estandarización da lingua galega hoxe
 - 4.2.1. A codificación fonética, gráfica, morfolóxica, sintáctica e léxica

Actividades a realizar

Análise e comentario das diversas propostas ortográficas a través da comparación de textos

Bibliografía

Álvarez de la Granja, M. / E. González Seoane (eds) (2003): *A estandarización do léxico*. Santiago: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega.

Fernández Salgado, B. / H. Monteagudo (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en Monteagudo, H. (ed) (1995): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia.

Tema 5. Características principais da estrutura gramatical

- 5.1. Características fonéticas
- 5.2. Características morfolóxicas
- 5.3. Características sintácticas
- 5.4. Características léxicas

Actividades a realizar

Este tema pretende abordar aqueles aspectos gramaticais que presenten especial dificultade para a maioría dos alumnos (problemas fonéticos, colocación do pronome, uso do infinitivo conxugado) aspectos que van ser tratados desde o primeiro día de clase tanto nas intervencións orais como nos textos que tes que entregar escritos. Aínda así, previo acordo do alumnado, trataremos aquelas cuestións puntuais que vós propoñades.

Bibliografía

Ares Vázquez, C. (1990): *Diccionario Xerais castelán-galego*. Vigo: Xerais.

Álvarez, R. / X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Álvarez, R. / H. Monteagudo / X.L. Regueira (1986): *Gramática Galega*. Vigo: Galaxia.

Fernández González, C. (dir.) (1997): *Diccionario esencial Vox galego-castelán castelán-galego*. Barcelona: Bibliograf.

Fernández Salgado, B. (dir.) (2004): *Diccionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega*. Vigo:Galaxia.

Freixeiro Mato, J.R. (1998-2000): *Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía; Gramática da lingua galega III. Semántica; Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*.Vigo: A Nosa Terra.

Hermida Gulías, Carme (2004): *Gramática práctica (morfosintaxe)*. Santiago: Sotelo Blanco.

Pena, X.A. *Et alii.* (2004): *Gran dicionario Cumio da lingua galega*. Vigo: Edicións do Cumio

Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: Xerais / Galaxia / ILG / RAG.

Regueira, X.L. (coord.) (1998): *Os sons da lingua*. Vigo: Xerais / Galaxia.

RAG (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. Vigo: Xerais / Galaxia.

Xove Ferreiro, X. (coord. 2005): *Novo dicionario da lingua galega*. Vigo: Obradoiro.

6. Metodoloxía

6.1. A actividade presencial

A materia desenvolverase fundamentalmente mediante sesións teórico-prácticas. Temos, pois, exposición teórica por parte da profesora dos contidos da materia e actividades de carácter práctico como complemento e aplicación das cuestións teóricas.

As actividades prácticas consistirán na realización de análise lingüística de textos e a realización de exercicios, ben individuais, ben en grupo, dirixidos ou non pola profesora, que serán comentados e traballados na clase. Tamén se debaterán na clase as lecturas obrigatorias de artigos e o traballo realizado por cada alumno sobre o tema por el escollido.

6.2. A actividade non presencial dirixida

Neste horas deberás preparar as lecturas de tres artigos de lingüística para poder debatelos na aula, ademais de entregar o resumo da túa lectura crítica por escrito; terás que facer a preparación dalgún comentario de texto marcados con anterioridade e, así mesmo, deberás ir preparando o traballo de iniciación á investigación que deberás entregar e expoñer na aula os días 26 e 27 de xaneiro.

As actividades propostas non só serven para comprender e consolidar as explicacións teóricas, senón que tamén son coherentes coas ferramentas que pretendemos afianzar nesta materia, ademais de potenciar a súa capacidade de síntese.

6.3. O material de traballo

O profesor entregará a cada alumno o material necesario para seguir as explicacións teóricas e para a realización dos exercicios correspondentes.

7. Distribución da carga de traballo. Calendario

7.1. Distribución da carga de traballo

A *Segunda / Terceira Lingua: Galego* consta de 6 créditos (3 teóricos + 3 prácticos) equivalentes no sistema ECTS a 150 horas de traballo por parte do alumno: 75 horas (50%) de traballo dirixido e 75 horas (50%) de traballo autónomo. As 75 horas de traballo dirixido distribúense en 45 horas presenciais e en 30 horas non presenciais. As horas presenciais concréntanse en clases teóricas, clases prácticas, seminarios, titorías especializadas, realización de exames e controis puntuais na aula. As horas non presenciais dirixidas dedícanse á preparación das distintas actividades programadas na materia (traballos, exposicións, lecturas, exercicios, comentarios). As 75 horas autónomas deberás distribuílas libremente (consulta bibliografía recomendada, e/ou outras actividades relacionadas coa materia).

No seguinte cadro detállase a distribución de horas previstas para cada actividade

Actividades	Horas presenciais	Factor	Horas de Traballo autónomo	TOTAL
Clases teóricas	18	2	36	54
Clases prácticas	18	2	36	54
Lecturas e debates	3	5	15 TrD	18
Traballos e debates	4	3,75	15 TrD	19
Titorías especializadas	2	1,5	3	5
TOTAL	45		30 TrD + 75	150

7.2. Calendario

C A L E N D A R I O		
MES	Día	Actividade programada
OUTUBRO	6	Presentación do programa, da bibliografía e actividades a desenvolver durante o curso. Proposta do traballo. Entrega dos textos para os comentarios
	7	Tema 1 (Bloque 1º) clases teórico-prácticas
	13	Tema 2 (Bloque 1º) clases teórico-prácticas
	14	Lectura-debate-resumo
	20	Tema 2 (Bloque 1º) clases teórico-prácticas
	21	Tema 2 (Bloque 1º) clases teórico-prácticas
	27	Tema 2 (Bloque 1º) clases teórico-prácticas
	28	Comentario de texto
NOVEMBRO	3	Tema 3 (Bloque 1º) clases teórico-prácticas
	4	Tema 4 (Bloque 1º) clases teórico-prácticas
	10	Tema 4 (Bloque 1º) clases teórico-prácticas
	11	Lectura-debate-resume
	17	Tema 5 (Bloque 1º) clases teórico-prácticas
	18	Comentario de texto
	24	Tema 1 (Bloque 2º) clases teórico-prácticas
	25	Lectura-debate-resumo
DECEMBRO	1	Tema 2 (Bloque 2º) clases teórico-prácticas
	2	Tema 2 (Bloque 2º) clases teórico-prácticas
	9	Tema 2 (Bloque 2º) clases teórico-prácticas
	15	Tema 3 (Bloque 2º) clases teórico-prácticas
	16	Lectura-debate-resumo
XANEIRO	12	Tema 3 (Bloque 2º) clases teórico- prácticas
	13	Tema 4 (Bloque 2º) clases teórico- prácticas
	19	Tema 5 (Bloque 2º) clases teórico- prácticas
	20	Tutoría especializada
	26	Data límite de entrega de traballos. Presentación oral
	27	Presentación oral do traballo
FEBREIRO	11	Exame final, aula 2 ás 16 horas
SETEMBRO	1	Data límite de entrega de traballos
	9	Exame final, aula 5 ás 16 horas

8. Avaliación

8.1. Consideracións xerais

Para avaliar os coñecementos, o traballo e as competencias acadadas nesta materia teranse en conta:

- a) A asistencia á clase, a participación activa e a correcta realización dos exercicios sinalados
- b) A realización dun traballo de iniciación á investigación e a súa exposición oral
- c) Exame final

8.2. Aspectos que se terán en conta e criterios que se empregarán para os valorar

Como se resume no seguinte cadro, vanse ter en conta todas as actividades realizadas ao longo do cuadrimestre, desde a asistencia ás aulas, a participación nas mesmas a correcta realización dos exercicios sinalados, ata a expresión oral e escrita dos traballos presentados.

ASPECTO	CRITERIOS	INSTRUMENTO	PESO
Asistencia e participación	<ul style="list-style-type: none">• Participación activa nas clases, nos debates, nos comentarios de texto• Asistencia a titorías	<ul style="list-style-type: none">• Observación• Notas da profesora	10%
Actividades obrigatorias	<ul style="list-style-type: none">• Entrega puntual dos resumos encomendados ben realizados	<ul style="list-style-type: none">• As actividades entregadas	10%
Realización e exposición do traballo de investigación	<ul style="list-style-type: none">• Escrito:<ul style="list-style-type: none">- Grao de corrección- Estrutura do traballo- Calidade da documentación- Ortografía e presentación• Oral:<ul style="list-style-type: none">- Adecuación ao tempo fixado- Autodominio- Fluidez	<ul style="list-style-type: none">• O traballo entregado e exposto na aula	30%
Conceptos da materia	<ul style="list-style-type: none">• Dominio dos coñecementos teóricos e prácticos correspondentes á materia	<ul style="list-style-type: none">• Exame final	50%

8.3. Recomendacións cara á avaliación

Sería moi recomendable que asistiras regularmente ás aulas e realizaras todas as actividades encomendadas.

Tamén é necesario que recordes que as horas de titorías, sexan presenciais, sexan virtuais, serven, entre outras cousas, para poderes resolver dúbidas.

8.4. Recomendacións de cara á recuperación

8.4.1. Na convocatoria ordinaria

Se non superas a materia mediante a avaliación continua, ou se desexas mellorar a cualificación acadada, podes presentarte ao exame final, na data fixada pola Facultade.

Repara en que todos os alumnos, para poder aprobar a materia, teñen que ter realizado e valorado positivamente o traballo. A data límite de entrega do traballo é o 26 de xaneiro.

8.4.2. Na convocatoria extraordinaria

De non aprobaras a materia na convocatoria ordinaria podes presentarte ao exame da convocatoria de setembro. A avaliación positiva do traballo e/ou das actividades obrigatorias gárdaseche ata setembro.

Aqueles alumnos que concorran ao exame da convocatoria de setembro sen ter avaliado positivamente o traballo, sexa porque nunca o presentaron ou porque non acadaron unha cualificación positiva, teñen que presentalo obrigatoriamente. A data límite para a entrega do traballo é o día 1 de setembro.

ÍNDICE

	Páx
1. Datos descritivos da materia	3
1.1. Descrición da materia	3
1.2. Lingua na que será impartida	3
1.3. Requisitos	3
1.4. Profesora	3
1.5. Horario de titorías	3
2. Sentido da materia	4
2.1. Bloque formativo no que se encadra a materia	4
2.2. Papel da materia no plan de estudos	4
2.3. Interese da materia deste curso para a túa formación	4
3. Obxectivos	5
4. Competencias	6
5. Contidos da materia	7
5.1. Descritor	7
5.2. Temario	7
5.3. Bibliografía xeral e complementaria	8
5.4. Epígrafes	10
Bloque I. Introducción	10
Tema 1	10
Tema 2	11
Tema 3	13
Tema 4	14
Tema 5	15
Bloque II. Introducción	16
Tema 1	16
Tema 2	17
Tema 3	18
Tema 4	19
Tema 5	20
6. Metodoloxía	22
6.1. Actividade presencial	22
6.2. Actividade non presencial dirixida	22
6.3. Material de traballo	22
7. Distribución da carga de traballo	23
7.1. Distribución da carga de traballo	23
7.2. Calendario	24
8. Avaliación	25
8.1. Consideracións xerais	25
8.2. Aspectos e criterios	25
8.3. Recomendacións cara á avaliación	26
8.4. Recomendación cara á recuperación	26